



Resolución do 28 de novembro de 2018, da Secretaría Xeral para o Deporte, pola que se aproba o regulamento e normas específicas de uso da pista de atletismo cuberta de Ourense.

O artigo 5.1.r) da Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia atribúe á administración autonómica entre outras competencias, as de ordenar e, de ser o caso, xestionar as instalacións e os centros deportivos que teña adscritos.

O artigo 5 do Decreto 76/2017, do 28 de xullo, de estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia atribúe á Secretaría Xeral para o Deporte, como órgano superior da Administración da Comunidade Autónoma no ámbito deportivo, as competencias recollidas na Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia e nomeadamente a coordinación e asistencia técnica dos centros e instalacións deportivas para o correcto desenvolvemento da súa actividade.

A día de hoxe a Secretaría Xeral para o Deporte conta con varias instalacións ao longo de toda a xeografía galega entre as que se atopa a pista de atletismo cuberta de Ourense (Ourense).

O uso desta instalación precisa dun regulamento que determine as condicións de uso e as persoas que poderán acceder a ela tanto na condición de deportistas, de entidades deportivas ou doutro tipo ou como asistentes, buscándose a optimización e a utilización racional desta instalación.

A secretaria xeral para o Deporte da Xunta de Galicia, en uso das competencias desconcentradas nos secretarios xerais dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia, en virtude da disposición adicional segunda do Decreto 76/2017, do 28 de xullo, de estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia e das competencias atribuídas no artigo 5 da Lei 3/2012 do 2 de abril, do deporte de Galicia

RESOLVE:

Artigo 1. Obxecto

O obxecto desta resolución é a aprobación do regulamento e normas específicas de uso da pista de atletismo cuberta de Ourense que se recollen no anexo I e anexo II desta resolución.





DISPOSICIÓN ADICIONAL

Para o non contemplado na presente resolución teranse en conta as normas xerais que lle afecten, especialmente a Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia, a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia e a súa normativa de desenvolvemento e demais normas de xeral aplicación.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente resolución entrará en vigor a partir do día seguinte da súa aprobación e publicación na páxina web da Secretaría Xeral para o Deporte.

ANEXO I. Regulamento de uso da pista de atletismo cuberta de Ourense

Título I. Disposicións xerais

Artigo 1. Obxecto

O presente regulamento ten por obxecto regular o réxime de utilización da pista de atletismo cuberta de Ourense e regular os dereitos e as obrigas das persoas usuarias desta instalación situada no Recinto Feiral de Expourense.

Artigo 2. Ámbito de aplicación

Todas as persoas usuarias dos servizos e instalacións da pista de atletismo cuberta de Ourense estarán sometidos ao disposto no presente regulamento.

Título II. Do uso da pista cuberta de atletismo

Artigo 3. Dos usos autorizados

1. Na pista de atletismo cuberta poderán realizarse as seguintes actividades, previa autorización da Secretaría Xeral para o Deporte:





- a) As probas ou competicións organizadas ou programadas pola Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia.
- b) Competicións de atletismo: as competicións de atletismo contempladas no calendario oficial aprobado pola Federación Galega de Atletismo, pola Federación Española de Atletismo ou por unha federación internacional de atletismo conforme aos seus regulamentos.
- c) Competicións doutras modalidades deportivas: con carácter excepcional poderán celebrarse competicións oficiais doutras modalidades deportivas distintas ao atletismo, cando estas precisen das instalacións da pista de atletismo e sempre que figuren no calendario oficial aprobado pola federación deportiva correspondente.
- d) Adestramentos: os adestramentos levados a cabo polas persoas deportistas autorizadas que teñan a condición de federadas e as persoas deportistas que teñan a condición de deportista de alto nivel (galega ou estatal).
- e) Outras actividades: poderán celebrarse outras actividades distintas das anteriores sempre que a súa celebración sexa compatible co uso da pista e previa autorización da Comisión de Seguimento.

2. As condicións específicas de uso son as determinadas no anexo II desta resolución.

Artigo 4. Dos períodos de uso

A Secretaría Xeral para o Deporte aprobará anualmente un calendario de datas dispoñibles para o desenvolvemento de probas e competicións deportivas ou doutro tipo de actividades compatibles co uso da pista de atletismo, así como un calendario de adestramentos con indicación de datas e horarios de acceso.

Artigo 5. Das persoas usuarias

1. Poderán ter a condición de persoas usuarias aquelas persoas que, previa solicitude e pagamento do correspondente prezo, sexan autorizadas ao uso dos servizos e instalacións da pista cuberta.
2. Estarán exentos do pagamento do correspondente prezo as persoas usuarias que así se contemplen na resolución da Secretaría Xeral para o Deporte pola que se aproben os prezos do uso das instalacións.





Artigo 6. Dos requisitos das persoas usuarias

1. As persoas que pretendan ter a condición de usuarias deberán reunir, como mínimo, os seguintes requisitos:

a) Persoas deportistas ou persoas adestradoras de xeito individual:

- Estar en posesión de licenza federativa en vigor ou do carné de XOGADE.
- Solicitud presentada previamente ao uso dos servizos e instalacións.
- Pagamento previo, de ser o caso, do uso dos servizos e instalacións.
- Ter unha idade mínima de 14 anos.

b) Clubs deportivos, agrupacións deportivas escolares, seccións deportivas, federacións deportivas, administracións públicas ou outras entidades especializadas na organización de eventos deportivos.

- Estar inscritas no Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia, no caso de entidades deportivas.
- Acreditar a subscrición dun seguro de responsabilidade civil e dun seguro de accidentes deportivos para as persoas participantes nas actividades autorizadas.
- Acreditar que todas as persoas físicas que participen nas actividades autorizadas cumpran os requisitos do apartado a).
- Solicitud presentada previamente ao uso dos servizos e instalacións.
- Pagamento previo, de ser o caso, do uso dos servizos e instalacións.

c) Outras entidades:

- Acreditar a subscrición dun seguro de responsabilidade e dun seguro de accidentes deportivos para as persoas participantes nas actividades autorizadas.
- Solicitud presentada previamente ao uso dos servizos e instalacións.
- Pagamento previo, de ser o caso, do uso dos servizos e instalacións.

2. O requisito de ter unha idade mínima de 14 anos non será esixible ás persoas deportistas que participen en competicións oficiais ou en adestramentos autorizados a entidades deportivas.

3. Ás persoas participantes en probas ou competicións organizadas ou programadas pola Secretaría Xeral para o Deporte poderá non esixírselles os requisitos contemplados neste artigo, segundo as bases ou normas da competición ou proba.





Artigo 7. Das solicitudes

1. As entidades e persoas interesadas no uso continuado ou anual da pista de atletismo cuberta de Ourense, atendendo aos calendarios, deberán presentar unha solicitude nas seguintes condicións:

- a) Para adestramentos: as persoas físicas, cunha antelación mínima dun mes, deberán presentar a solicitude á federación á que está afiliada.
- b) Para adestramentos e probas ou competicións deportivas: as persoas xurídicas, cunha antelación mínima de dous meses ao inicio do uso das instalacións, deberán presentar a solicitude á federación á que está afiliada.
- c) Para outro tipo de actividades: as persoas xurídicas, cunha antelación mínima de dous meses ao inicio do uso das instalacións, deberán presentar a solicitude á Comisión de Seguimento recollida no presente regulamento no enderezo que se indicará na páxina web da Secretaría Xeral para o Deporte e da Fundación Expourense.

2. Non obstante o anterior, para levar a cabo actividades de adestramento ou competicións non programadas e puntuais, as entidades recollidas no punto 1.b) do presente artigo, poderán solicitarlas á Comisión de Seguimento cunha antelación mínima de sete días á celebración da actividade, achegando solicitude á Comisión de Seguimento ao enderezo que se indicará na páxina web da Secretaría Xeral para o Deporte e da Fundación Expourense.

3. A Fundación Expourense poderá autorizar a entrada individual e diaria das persoas deportistas que cumpran os requisitos establecidos no presente regulamento, sen necesidade de solicitude previa, cando exista dispoñibilidade de pista.

4. Excepcionalmente, a solicitude da instalación poderá facerse con 48 horas de antelación, só no caso de condicións climatolóxicas especialmente adversas. Dita solicitude enviarase á Comisión de Seguimento, e considerarase desestimada se non se recibe consentimento expreso.

Artigo 8. Da autorización

1. Unha vez recibida a solicitude de uso anual, a federación deportiva galega remitirá esta á Secretaría Xeral para o Deporte, acompañada dun informe valorando a actividade solicitada.





2. A Secretaría Xeral para o Deporte, unha vez recibida a solicitude e o informe da federación, analizará esta e comunicará á Fundación Expourense as persoas e actividades que se poderán autorizar. Esta comunicación terá carácter preceptivo e vinculante.

3. A Fundación Expourense autorizará ou denegará as solicitudes de conformidade coa comunicación da Secretaría Xeral para o Deporte, atendendo á dispoñibilidade da instalación.

4. Esta autorización poderá suspenderse en calquera momento pola Secretaría Xeral para o Deporte cando se precise a instalación para o desenvolvemento doutra actividade, cando se considere que se está facendo un uso indebido da instalación ou cando se precisen levar a cabo actividades de conservación, mantemento ou reparación da instalación.

5. Unha vez presentada a solicitude, e transcorridos 10 días sen que se tivese recibido resposta, entenderase desestimada a solicitude, sen prexuízo de que a persoa solicitante poida volver a presentar unha nova solicitude.

Artigo 9. Do contido da autorización

A autorización do uso da pista de atletismo cuberta de Ourense deberá conter, como mínimo, os seguintes datos:

- Persoas autorizadas.
- Data de inicio e fin da autorización.
- Actividade autorizada.
- Persoa responsable.
- Teléfono de contacto do responsable da instalación.

Artigo 10. Da acreditación da condición de usuario

1. Todos as persoas usuarias, incluíndo as persoas adestradoras, disporán dun documento ou tarxeta expedido pola Fundación Expourense que acredite a súa condición. A relación de persoas autorizadas poderá recollerse nun documento para ser utilizado como acreditación.





2. O persoal da instalación poderá solicitar en todo momento a acreditación da persoa usuaria.
3. As persoas usuarias que non se identifiquen adecuadamente ou que se atopen nunha dependencia non autorizada poderán ser expulsadas do recinto.
4. O documento de acreditación outorgado ou a autorización para o uso da instalación rematará na data fixada na resolución de autorización, sen que poida ser obxecto de prórroga.

Artigo 11. Dereitos das persoas usuarias

As persoas usuarias autorizadas terán dereito a:

- Usar as instalacións, mobiliario e equipamento deportivo en condicións adecuadas de seguridade, hixiene e funcionalidade.
- Participar nas consultas sobre o seu grao de satisfacción sobre o servizo recibido.
- Presentar e obter resposta ás queixas, suxestións ou reclamacións.
- Esixir o cumprimento do presente Regulamento, por medio das persoas responsables da xestión das xornadas de adestramentos e competición ou persoal do Recinto Feiral de Expourense.
- As persoas con discapacidades físicas ou psíquicas que impliquen o uso de cadeira de rodas, cegueira ou mobilidade altamente reducida, poderán ser asistidas por unha persoa coidadora ou acompañante que poderá facer uso dos servizos do centro na súa función. Á hora de abono de taxa serán contabilizados como unha única persoa. As persoas coidadoras ou acompañantes deberán cumprir a normativa específica da instalación.
- Ser tratadas con respecto e deferencia polo persoal do Recinto Feiral de Expourense.

Artigo 12. Obrigas das persoas usuarias e espectadoras

1. As persoas usuarias autorizadas e as persoas espectadoras terán as seguintes obrigas:
 - Cumprir e respectar as normas xerais contidas neste Regulamento e as instrucións específicas de uso dos distintos espazos deportivos (zona de competición e quentamento), vestiarios e demais espazos de acceso.





- Manter unha conduta de respecto cara ás demais persoas usuarias, espectadores/as e persoal da instalación, así como cara aos espazos e equipamentos.
- Abonar as taxas ou prezos establecidos, de ser o caso.
- Cumprir a lexislación e regulamentación vixente, con especial atención en materia de violencia, tabaquismo, bebidas alcohólicas e sustancias estupefacientes.
- No caso de actividades non oficiais, as persoas organizadoras deberán estar en posesión das autorizacións preceptivas, así como dos seguros de accidente e de responsabilidade civil para ditas actividades e dos demais requisitos establecidos na Lei 3/2012 do 2 de abril, do deporte de Galicia.
- Seguir as indicacións do persoal empregado e responsable das xornadas de adestramentos ou competicións ou persoal do Recinto Feiral de Expourense.
- Acreditarse ás persoas responsables das xornadas de adestramentos ou persoal do Recinto Feiral de Expourense se así llo solicitan.

2. As obrigas das persoas usuarias e espectadoras deberán ser expostas na instalación.

Artigo 13. Perda da condición de persoa usuaria

1. O incumprimento do establecido no presente regulamento e en particular das obrigas impostas ás persoas usuarias, pode levar consigo a perda da devandita condición coa conseguinte obriga de abandonar a instalación e a prohibición de acceder ao recinto.

2. Así mesmo, as persoas espectadoras poderán ser expulsadas do recinto, coa posibilidade de prohibírselle a entrada en futuras competicións ou actividades puntuais, de non cumprir co establecido no presente regulamento.

3. O persoal da Fundación Expourense está habilitado para ordenar o abandono das instalacións e prohibir, no seu caso, o acceso ás mesmas a toda persoa que incumpra as obrigas contidas neste regulamento.

4. A prohibición de entrada en futuras competicións ou actividades así como a perda da condición de persoa usuario será acordada pola Comisión de Seguimento.





Artigo 14. Persoal responsable

En todas as actividades deberá estar presente unha persoa como responsable da actividade. Esta persoa será designada pola entidade organizadora da actividade e facilitará os seus datos de contacto. A súa función será a de velar polo cumprimento das normativas do presente regulamento e coordinar as actividades.

Artigo 15. Acceso nas actividades de adestramentos

O acceso ás actividades de adestramento esixe:

- Que as persoas usuarias autorizadas confirmen a súa condición presentando o documento de acreditación á persoa responsable das actividades de adestramentos ou ao persoal da instalación que llo solicite.
- Que as persoas deportistas menores de idade deberán estar en todo momento acompañadas e supervisadas de xeito directo pola persoa adestradora, que será a garante da súa garda e custodia dende que entran na instalación e ata que saen dela.
- Que as persoas deportistas maiores de idade poderán estar acompañadas por unha persoa adestradora autorizada ao efecto.

Artigo 16. Do acceso como espectadoras ás actividades de competición

1. Con carácter xeral, as competicións terán carácter gratuito e libre acceso por parte do público ata o aforo autorizado.
2. Para determinadas actividades de competición ou eventos contéplase a posibilidade de solicitar o pagamento dunha entrada para ter acceso ao recinto. A autorización de cobro de entrada corresponde á Comisión de Seguimento.
3. Á pista e zona de quecemento/concentracións soamente poderán acceder as persoas participantes nas competicións (deportistas, adestradores/as, xuíces/xuízas, persoal da organización/mantemento). Non se





permite o acceso de persoas acompañantes, nin espectadores/as á pista, agás en casos debidamente xustificados e autorizados.

Artigo 17. Límites de acceso por aforo

1. O acceso á pista de atletismo cuberta de Ourense estará condicionado polo límite de persoas usuarias establecido como aforo.
2. En caso de chegar ao límite establecido procederase a permitir o acceso, atendendo á orde de chegada, en función dos abandonos do recinto que se produzan.

Artigo 18. Responsabilidades do uso

1. A Secretaría Xeral para o Deporte, a Fundación de Feiras e Exposicións de Ourense, Expourense, as federacións deportivas galegas e os organizadores de eventos non serán responsables:

- a) Dos accidentes ou danos derivados do incumprimento das presentes normas polas persoas usuarias, dun comportamento negligente doutra persoa usuaria ou dun mal uso das instalacións, equipamentos e servizos.
- b) De obxectos persoais, material deportivo, vestimenta ou calquera outro tipo de material que as persoas usuarias introduzan na instalación.

2. Os danos ou outras incidencias non fortuítas nas dependencias ou equipamentos das instalacións, suporán que a persoa causante destes danos ou incidencias, xa sexa directamente ou a través da entidade da que forma parte e que foi autorizada para o uso da instalación, se fará cargo do custo da reparación ou substitución do material.

3. Toda responsabilidade que poida xurdir como consecuencia da realización das actividades autorizadas que se reflicten neste regulamento, será responsabilidade dos organizadores das actividades ou das persoas deportistas autorizadas, sen que, en ningún caso se deriven dereitos, responsabilidades ou obrigas de ningún carácter para a Secretaría Xeral para o Deporte, a Fundación de Feiras e Exposicións de Ourense, Expourense, ou a federación deportiva.





Título III. Da Comisión de Seguimento

Artigo 19. Comisión de Seguimento

Establécese unha comisión de seguimento do regulamento de uso da pista de atletismo cuberta.

Artigo 20. Composición da Comisión de Seguimento

1. A Comisión de Seguimento estará formada por:

- A secretaria xeral para o Deporte ou persoa en quen delegue.
- Dúas persoas dependentes da Secretaría Xeral para o Deporte.
- O/A Director/a-xerente da Fundación Expourense ou persoa en quen delegue.
- O/A Presidente/a da Federación Galega de Atletismo ou persoa en quen delegue.
- O/A Xerente do Consello Municipal de deportes de Ourense ou persoa en quen delegue.

2. A Secretaría Xeral para o Deporte terá dereito a veto nos acordos que tome esta Comisión de Seguimento relativos as autorizacións e prohibicións de uso.

3. A convocatoria, a constitución e a adopción de acordos da Comisión de Seguimento poderá efectuarse por medios electrónicos, telefónicos ou audiovisuais, que garantan a intercomunicación entre eles e a unidade de acto, tales como a videoconferencia ou o correo electrónico, entendéndose os acordos adoptados no lugar onde estea a presidencia. De conformidade co previsto neste apartado a elaboración e remisión de actas poderá realizarse a través de medios electrónicos.

Artigo 21. Funcións da Comisión de Seguimento

Son funcións da Comisión de Seguimento:

- Autorizar actividades distintas a adestramentos e probas ou competicións deportivas.
- A autorización de cobro de entrada nas actividades que se desenvolvan na pista de atletismo cuberta de Ourense.





- Acordar a prohibición de entrada en futuras competicións ou actividades así como a perda da condición de persoa usuaria.
- Valorar as actividades deportivas celebradas na pista de atletismo cuberta de Ourense.
- Propoñer á Secretaría Xeral para o Deporte as actuacións que se consideren precisas para mellorar as condicións da instalación.
- Propoñer á Secretaría Xeral para o Deporte a modificación do regulamento de uso.
- Velar pola accesibilidade ao presente regulamento, que deberá estar exposto na instalación e nas paxinas web da Secretaría Xeral para o Deporte, da federación galega de Atletismo e de Expourense. A Federación Galega de Atletismo deberá remitilo a todos os clubs de atletismo de Galicia.
- A arbitrase, en primeira instancia, para a resolución dos conflitos, demandas ou continxencias que poidan xurdir no uso da instalación.
- Determinar, en última instancia, a compatibilidade das solicitudes de uso por parte de persoas físicas.





ANEXO II

Normas específicas de uso da pista cuberta de Ourense

Artigo 1. Do horario máximo de apertura da instalación

O horario de apertura das instalacións para adestramentos será:

- a) De luns a venres de 17:00 h. a 21:30 h.
- b) Os sábados e domingos de 10:00 h. a 14:00 h.

Estes horarios poderán modificarse de forma puntual segundo as necesidades de preparación, organización e execución dos eventos ou competicións autorizadas.

Artigo 2. Normas xerais de bo uso

1. As persoas adestradoras e persoas deportistas deberán colaborar en conservar limpa e en bo estado a instalación.
2. Ao remate das actividades, as persoas adestradoras notificarán calquera problema de mantemento que fose observado na instalación ou equipamentos.
3. Non está permitido sacar material fóra da instalación.
4. É obrigatorio o uso de roupa e calzado deportivo axeitado. Non está permitido o uso de calzado de rúa.
5. As bolsas, roupa, abrigos e demais pertenzas deberán depositarse nos espazos habilitados a tal efecto. Os clubs serán responsables de que o seu material estea ben recollido e almacenado nos lugares establecidos.
6. A instalación dispón de armarios ("taquillas") nas que as persoas usuarias poderán gardar cada día os seus obxectos persoais, baixo a súa responsabilidade, durante o tempo autorizado para o uso das





instalacións deportivas. No caso de que algunha “taquilla” non estea aberta á hora de peche da instalación poderase proceder á súa apertura e a retirar o contido, que será custodiado pola persoa responsable da instalación durante un período máximo de un mes. Pasado ese período, sen que ninguén o reclamase, procederáse á súa destrución ou entrega a un centro benéfico.

7. Os clubs, entidades e grupos de adestramento serán os responsables de colocar e devolver ao seu sitio, co máximo coidado, o material empregado para os seus adestramentos e competicións.

8. As pancartas de publicidade deberán ser recollidas e gardadas polo club ou entidade organizadora da competición.

9. O material extraviado que se entregue á persoa responsable será custodiado por esta durante un período máximo de un mes. Pasado ese período, sen que ninguén o reclame, poderase proceder á súa destrución ou entrega a un centro benéfico.

10. O uso das bancadas durante os adestramentos e as actividades que non sexan de competición está reservada unicamente para as persoas deportistas e adestradoras. O resto de persoas (pais, nais, directivos e acompañantes en xeral) poderán facer uso das zonas que a persoa responsable habilite a tal efecto.

Artigo 3. Condicións de uso específicas

O uso da pista de atletismo cuberta de Ourense está sometido ao cumprimento das seguintes normas:

a) En relación aos lanzamentos:

- Por seguridade, mentres se está lanzando, as demais persoas usuarias da pista deben pasar sempre por detrás da gaiola e zona de lanzamento de peso, a unha distancia suficiente que garanta a seguridade e non moleste a quen estea adestrando.
- Os multilanzamentos deben realizarse unicamente na zona habilitada a tal efecto.





b) En relación aos saltos:

- Unha vez rematado o adestramento, os fosos deben quedar en perfecto estado.
- Os valos que se utilicen, deben recollerse ao rematar o adestramento.
- As persoas saltadoras e adestradoras deberán, ao remate dos adestramentos, limpar a area que se atope fóra do foso.
- Os exercicios de arrastres realizaranse na zona de quecemento.

c) En relación á pista:

- A rúa 1 só se usará en competicións. Poderase utilizar de xeito excepcional para facer test específicos, previa solicitude á Fundación Expourense.
- As rúas 2, 3 e 4 empregaranse para os adestramentos de velocidade, medio fondo e fondo.
- As rúas 5 e 6 empregaranse para os adestramentos de velocidade.
- As saídas con tacos deberán facerse sempre na zona de quecemento.
- A lonxitude dos cravos das zapatillas será como máximo de 6 mm.
- Non se realizarán quecementos na pista. Teñen que realizarse nas zonas habilitadas a tal efecto: a zona de quecemento, no exterior da pista sen utilizar o sintético ou no exterior da instalación.

Artigo 4. Limitacións de uso

Non se poderá:

- a) Acceder á instalación sen a posesión da acreditación establecida.
- b) Introducir no recinto recipientes de porcelana, vidro ou similares.
- c) Derramar líquidos de calquera natureza no recinto ou calquera tipo de residuos nin cuspir.
- d) Comer nin beber (agás auga ou bebidas isotónicas) en toda a instalación deportiva, agás nas gradas habilitadas para os espectadores e no espazos habilitados especificamente para esa función.





- e) Marcar a pista con pintura, area, xiz, talco, ou similares. As marcaxes faranse sempre con elementos que se poidan quitar con facilidade e sen deixar marcas.
- f) Berrar ou facer ruído co obxecto de molestar ás persoas deportistas.
- g) Realizar actos contrarios á convivencia social e hixiene.
- h) Utilizar o documento de acreditación sen ser titular do mesmo. A expulsión da persoa usuaria, neste caso, irá acompañada da retirada do documento usado.

Artigo 5. Suspensión de adestramentos ou competicións

As entidades avisarán, cun mínimo de 48h de antelación, da non realización de adestramentos ou competicións programados.

O incumprimento deste artigo poderá levar a denegación da autorización de uso concedida e posibles sancións no caso de futuras solicitudes.

Artigo 6. Medidas para restablecer a orde

A Fundación Expourense poderá adoptar medidas para restablecer a orde, sen prexuízo da proposición doutras medidas que poida adoptar a Comisión de Seguimento, ante o incumprimento do presente regulamento. Poderá proceder a negar o acceso ou expulsar do recinto ás persoas cuxas accións poñan en perigo a seguridade ou tranquilidade das persoas usuarias.

